

# Entretecendo, encontros de tecedoras que mostran ao mundo o traballo das mulleres

InteRed, Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2015

Hai xa uns anos que empezamos<sup>1</sup> a reunirnos periódica e paralelamente en España e no Perú para tecer mentres falamos e reflexionamos sobre o que sucede co traballo das mulleres en todo o mundo. Facémolo apoiándonos nas miradas feministas sobre a economía que nos axudan a nomear como moito do que facemos as mulleres nin se ve nin se valora pero é imprescindible. Porque seguimos sendo as protagonistas na xeración e o coidado da vida e son multitude as actividades que realizamos cuxa valoración social é baixa e a súa visibilidade escasa. Entre elas está tecer, unha arte que compartimos mulleres de todos os tempos e culturas.

Este tipo de reflexións son as que enriquecen os encontros "Entretecendo", como o de hoxe, nos que imos tecendo colectivamente unha obra cun obxectivo, ademais de xuntármolos e reflexionar. No caso das catro "*quedadas*" celebradas en Santiago de Compostela dende o pasado mes de abril, o tecido do elaborado tiña este destino final: chamar a atención sobre o papel das mulleres rurais desta terra. E quixemos representalo a través da figura das leiteiras, que nos recorda esta escultura do paseo da Ferradura onde nos atopamos. E é que poucos anos atrás un servizo básico da alimentación, o leite, estaba garantido grazas a estas leiteiras que diariamente acudían ao núcleo urbano de Compostela. Mulleres imprescindibles como foi Aurora Liste Forján, que recollía o leite das ganderías e pagáballes en man, mentres as empresas lácteas facían ao cabo duns meses.

Cubrinto hoxe de cores esta leiteira anónima, queremos recoñecer a todas as mulleres que contribuíron, e aínda o fan de xeito maioritario, á sustentación da vida no campo. Labregas que dedicaron e dedican a súa vida a garantir as necesidades esenciais para a supervivencia das persoas e a conservación do planeta. Mulleres tecedoras de redes e relacións que xeran os vimbios que fan posible a vida, desenvolvendo un labor calado e intelixente para resistir situacións adversas. Mulleres que, ademais, ata hai pouco non eran recoñecidas como donas da terra ou traballadoras agrícolas, coa consecuente limitación de dereitos como prestacións ou acceso a créditos. Non queremos esquecer, ademais, que moitas mulleres e homes galegos que hoxe están en cargos significativos, tanto intelectuais como empresariais, saíron do coidado das nais rurais.

Facemos este acto simbólico coa esperanza de compartir estes saberes con outras mulleres e homes, recoñecendo o valor do invisible e imprescindible e facendo un chamado á responsabilidade de toda a sociedade e non só das mulleres en facer posible e sostible a Vida.

---

<sup>1</sup> A idea de "Entretecendo" nace do vínculo entre a ONG peruana Manuela Ramos e a española Economistas sen Fronteiras, proposta á que se une InteRed [www.intered.org](http://www.intered.org), para acompañar o impulso dos encontros en Madrid desde o ano 2013. Para o traballo desenvolvido en Galicia, dende InteRed contamos co apoio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.